



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Xuntanza co novo Director Xeneral da AEAT

O pasado xoves, a CIG, ao igual que o resto das organizacións sindicais, tivo unha reunión co novo Director Xeneral da AEAT. A intención desta xuntanza era a de que coñecera, de primeira man, as nosas prioridades en canto aos asuntos que, en materia de negociación colectiva están pendentes de tratar.

### Carreira Administrativa:

Expuxémoslle que, como prioridade total para nós, está o de clarificar o futuro do Acordo de Carreira. Estamos a ver que a Mesa de Seguimento non ten a continuidade que sería desexable, o que implica que haxa mil asuntos aparcados que deberían tratarse xa. Queremos que a Dirección da AEAT se pronuncie sobre se está disposta a seguir adiante co que se asinou ou máis ben, quere dar largas e non darlle máis contido. Como tema prioritario para nós está o incumprimento co persoal que debe ser reclasificado ao Tramo 6º, solucionar a situación dos que levaron praza nos concursos e perderon tramos retributivos, e, en xeral, se a AEAT está disposta a desenvolver o Acordo ou aparcalo definitivamente.

### Calendario Laboral:

Comentámoslle tamén, ao Director, sobre a necesidade de abordar, canto antes, un novo Acordo de Calendario Laboral que veña a substituír e mellorar ao que temos, que é do ano 2003, polo que está máis que desfasado.

É importante tamén que, tendo en conta as restriccións económicas que estamos a ter, actualizar o Acordo de Calendario Laboral pode ser un xeito de conseguir melloras para todo o persoal sen custe económico para a AEAT. Por exemplo: mellorando o horario flexible, conseguindo novos permisos, ampliación do horario de conciliación...é dicir, podemos conseguir melloras en mil cousas sen que lle custe un euro á Administración.

Comentámoslle neste sentido que a CIG conta cos Acordos de Calendario Laboral de moitas outras administracións públicas, e cunha serie de propostas para levar á Mesa no momento que a AEAT decida abrir a negociación do Acordo de Calendario Laboral.

### Concursos:

Volvemos a queixarnos, unha vez máis, sobre a política de concursos da AEAT, xa que non está a resolver nin as necesidades de persoal de moitas



**Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA**

Administracións, nin as expectativas de mobilidade dos participantes. Ademais, a AEAT está penalizando a mobilidade á costa da Carreira Administrativa dos adxudicatarios dos concursos e iso é algo que ten que cambiar xa.

Pedimos tamén unha mesa específica para tratar os criterios do concilia dos concursos coa idea de que éstos sexan o máis xustos posibles e de que se unifiquen os criterios.

#### Outros temas:

Presentamos a nosa queixa polas últimas convocatorias da Oferta de Emprego Público na que non se ofertan prazas para o Servizo de Vixilancia Aduaneira, o cal demostra o pouco interese da AEAT na reposición do persoal deste colectivo.

Tamén expusémoslle a necesidade de que a AEAT aborde con urxencia a segunda actividade para Vixilancia Aduaneira, xa que hai moitos compañeiros que, ou ben por idade ou por situación psicofísica non están en condicións de desenvolver o seu traballo e seguen a estar embarcados, co perigo que iso supón para a súa vida e a dos compañeiros.

Por último, comentamos tamén a situación que está a acontecer na Delegación Especial de Galicia na que non hai problema para gastar unha porrada de cartos nos tornos e sí o hai para asumir outro tipo de gastos como solucionar os problemas de accesibilidade para discapacitados dos edificios , o pago das dietas do persoal...etc, etc

O Director tomou boa nota de todos os temas existindo un compromiso de abordalos o máis pronto posible.

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**CIG-AEAT:**

***DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA***

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

**TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22**

**cigaeat@gmail.com**

**mariacarmen.ares@correo.aeat.es**

**WWW.CIGAEAT.COM**